



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



AXUDAS AS PERSOAS AUTÓNOMAS POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA E A FORMACIÓN DE PERSOAS ASALARIADAS.

OBXECTO.

Incentivos á contratación indefinida inicial e a formación de persoas desempregadas realizada polas persoas traballadoras autónomas ou por persoas profesionais con domicilio social e fiscal na Comunidade Autónoma de Galicia co fin de promover a consolidación do emprego autónomo.

A finalidade do programa é favorecer a creación de novos empregos estables e contribuír ao crecemento de pequenas unidades produtivas con potencialidade para a creación de emprego, a través da concesión dunha contía fixa que contribúa a que as persoas autónomas fagan fronte á contratación de persoas traballadoras.

Este programa inclúe dous tipos de axudas compatibles entre si:

- 1. BONO DE CONTRATACIÓN.** Subvención para a contratación indefinida inicial de persoas desempregadas realizada por persoas traballadoras autónomas ou persoas profesionais con domicilio social e fiscal en Galicia.
- 2. BONO DE FORMACIÓN (OPCIONAL).** Subvención ás persoas traballadoras autónomas ou persoas profesionais con domicilio social e fiscal en Galicia, para que leven a cabo accións formativas dirixidas ás persoas traballadoras cuxos contratos se subvencionan co obxecto de mellorar os seus coñecementos e as habilidades relacionadas co posto de traballo.

SUBVENCIÓN BONO DE CONTRATACIÓN.

As contratacións indefinidas iniciais terán os seguintes incentivos:

- 1. Primeira persoa traballadora indefinida desempregada:** 8.000 € (norma xeral) e 10.000 € (cando a contratación se realice con desempregados pertencentes a algún colectivo en situación de exclusión social ou parados de longa duración.)
- 2. Segunda y terceira persoa traballadora indefinida:** 10.000 € (norma xeral) 12.000 € (cando a a contratación se realice con desempregados pertencentes a algún colectivo en situación de exclusión social ou parados de longa duración.)

Estos incentivos sinalados incrementaríanse nun 25% en determinados casos, que son acumulables entre si podendo chegar as seguintes:

CUANTÍAS MÁXIMAS POSIBLES:

- Para a primeira persoa traballadora indefinida: 22.500 €
- Para a segunda e terceira persoa traballadora indefinida: 27.000 €

SUBVENCIÓN BONO FORMACIÓN.

A formación incentivarásese cunha axuda de 4.000 € por cada persoa traballadora.

PRAZO PARA SOLICITAR: Dende o 04/02/2023 ata o 29 de Setembro de 2023.

PARA MÁIS INFORMACIÓN PODEN CONTACTAR COA AEDL NO TELÉFONO 981778169. (Lourdes).